



1. CONTEXTO DO CEIP CAMPOMAIOR

CÓDIGO DO CENTRO	15025487
CIF	Q6555105C
TELÉFONOS	881880886-881880887-881880888
WEB	http://centros.edu.xunta.es/ceipcampomaior
e-mail	ceip.campomaior@edu.xunta.es
Horario de apertura	9:30 h. – 14:30 h 16:00 h. – 18:00 h.
Horario lectivo e de administración	9:30 h. – 14:30 h.

1.1. CONTEXTO XERAL

O Concello de Ordes, con unha extensión de 158 km², atópase entre as cidades de A Coruña e Santiago. É o centro de unha comarca integrada polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo. Todos eles agrúpanse na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes que ofrece distintos tipos de servizos mantendo, o noso centro educativo, estreita relación con algúns.

O CEIP *Campomaior* está situado na vila de Ordes, concello historicamente vencellado ao sector primario que, nas derradeiras décadas do século XX, acadou importante desenvolvemento do secundario, especialmente na industria téxtil -na actualidade en decaemento- e dos servizos na zona urbana.

O Concello de Ordes conta con unha poboación ó redor dos 13000 habitantes, dos que uns 6000 residen na zona urbana. Hoxe en día, o noso Concello, presenta un índice negativo de crecemento vexetativo.

1.2. O ALUMNADO

O CEIP *CAMPOMAIOR* conta con máis de 370 alumnos/as de Infantil de Primaria. Recibe a maior parte do seu alumnado da zona urbana do Concello; máis de un 20% residen en zonas próximas ubicados en áreas rurais das parroquias de Ordes (lugares de Raxide, Darefe, Vidueiro, O Alto, Casal, As Casillas, Fraga da Galiña), Pereira (Guindiboo de Arriba) e Santa Cruz de Montaos (parte de Guindiboo de Abaixo). Unha pequena porcentaxe reside en concellos limítrofes de Tordoia, Mesía e Oroso.

Procedencia Máis do 90% do alumnado do CEIP *Campomaior* é oriundo de Galicia. O resto procede de outras Comunidades ou do estranxeiro. Destes, menos do 5%, non posúe nacionalidade española e proceden de:

- Marrocos.



- Portugal e Romanía.
- Brasil, República Dominicana, Uruguai e Venezuela.

Existe, ademais unha pequena porcentaxe de alumnado que, nado en España, forma parte de un núcleo familiar de procedencia estranxeira, con un primeiro idioma foráneo que frea o desenvolvemento lingüístico, cultural e curricular e que require de medidas de atención específicas. Concorre, ademais, un contexto socioeconómico e cultural baixo, na maioría dos casos.

Contexto socioeconómico

- A maioría das familias do alumnado realiza tarefas remuneradas fóra da casa relacionadas cos sectores secundario e terciario.
- Unha minoría dedícanse ao sector primario, están xubilados/as ou desempeñan tarefas domésticas non remuneradas.

Contexto familiar:

- A maioría reside co pai e nai.
- Unha minoría procede de familias separadas ou son familias monoparentais.

Contexto cultural:

- A maior parte dos proxenitores posúe estudos básicos ou obrigatorios.
- Unha minoría posúe titulación universitaria media ou superior.

Contexto lingüístico:

- Máis do 50% son galego falantes en ámbito familiar e escolar.

Distribución do alumnado no Centro. Agrupamentos. Atención á diversidade

O alumnado de este Centro está repartido en seis unidades de Educación Infantil e doce de Educación Primaria, distribuídos en dous grupos por nivel. A media de alumnado en Educación Infantil e Primaria é de 21 alumnos por aula.

Os criterios de agrupamentos recóllense nas NOF.

A atención á diversidade contéplase no plan correspondente.

As características específicas de cada curso aparecerán rexistradas na PXA .

1.3. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

O claustro, de acordo ao catálogo de postos de traballo, está constituído por 29 docentes de EI, EP e especialidades e unha orientadora:

- 18 exercen titoría
- Dúas especialistas en Lingua Estranxeira (Inglés) e unha en Francés
- Oito especialistas en Infantil, dúas delas de apoio.
- Dous especialistas en E. Física
- Unha especialista de PT e outra de AL, definitivas, con nomeamentos de provisionais/interinos complementarios de PT/AL en sucesivos cursos, compartidos ou a tempo completo.
- Un/ha mestre/a de Relixión Católica.



- Unha orientadora

A maioría do profesorado ocupa unha praza de carácter definitivo.

O profesorado agrúpase en equipos de coordinación docente: De nivel, etapas (Infantil e Primaria), EACE, EDLG, Biblioteca, TIC e DO constituídos cada período escolar. A súa composición reflíctese anualmente na PXA.

O persoal laboral non docente vencellado á Consellería está integrado por:

- Unha/Dúas profesionais coidadoras, en función das necesidades.
- Unha administrativa

Outro persoal laboral non docente dependente de empresa privada:

- Un conserxe
- Dúas empregadas da limpeza.

1.4. INFRAESTRUTURA

O CEIP Campomaior consta de tres edificios:

- O edificio principal está dividido en dúas zonas:

A do alumnado que, con dous andares, acolle 4 aulas de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria, a de informática, a de Inglés, a de A.L. e unha pequena división habilitada para obradoiros de cociña. As dúas últimas resultaron da división de dous laboratorios, un de cada planta. Ademais, conta con 4 grupos de aseos para nenas, 4 para nenos e 2 para o profesorado.

Dispón de elevador empregado por alumnado con problemas de mobilidade. A outra parte do edificio alberga a zona administrativa – conserxería, secretaría, dirección e xefatura de Estudos-, o Departamento de Orientación, unha pequena titoría, a sala do profesorado, a Biblioteca, un aseo e a Sala de Usos Múltiples, onde se imparten clases de Música a alumnado de Primaria e de Psicomotricidade e Música a Infantil.

- Os patios.

Nun deles hai dúas edificacións máis pequenas. Unha é a antiga vivenda do conserxe reconvertida para uso escolar, empregada como espazo de almorzo do servizo de madrugadores *Bos días cole*, para apoios de NEAE, aula de AL, Valores Cívicos e aula inclusiva. A outra acolle dúas aulas de Educación Infantil, un grupo de aseos e unha titoría/ almacén de material de etapa.

No outro patio hai un polideportivo con acceso a un ximnasio anexo nos que se imparten as clases de Educación Física de Primaria. O pavillón é usado como espazo de recreo de unha parte do alumnado da citada etapa.

1.5. EQUIPAMENTOS

No proceso de actualización do CEIP Campomaior, cómpre salientar as dotacións de equipamentos informáticos e pizarras dixitais en todas as aulas ordinarias do centro.



Os espazos adicados a: dirección, xefatura de estudos, secretaría, conserxería, administración, DO, biblioteca e as especialidades de PT e AL contan con equipos propios. Paulatinamente, vaise mellorando a aula de informática, accesible a todo o alumnado do centro con asignación horaria semanal.

Están dotadas con equipamento especializado as áreas de Educación Física, Lingua Estranxeira e Música.

1.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte escolar da Consellería. Realizado por dúas empresas:

- Autos Rico S.L., coa ruta CEIP Campomaior- Guindiboo de Abaixo
- Autocares Rogelio S.L., co traxecto CEIP Campomaior- O Alto.

1.7. USO DE INSTALACIÓNS ESCOLARES

En horario lectivo, todos os espazos contan con horario semanal asignado aos grupos de alumnado do centro, tal e como se recolle nas NOFC.

Fóra do horario lectivo, a ANPA contrata o servizo de madrugadores que se desenvolve na casa do conserxe.

ANPA e Concello programan, ocasionalmente, outras actividades extraescolares nas instalacións do colexio.

Todas as actividades extraescolares organizadas no Centro fóra do horario lectivo deben contar coa autorización pertinente.